**CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL**
Edificio Lonxa – PeiraoCuruxeiras s/n – 15401 – Ferrol – A Coruña
CIF: G15035116
Tfnos: 981352625 / 625167031 – Fax: 981352362
Correo-E: cofradia@cofradiaferrol.org. cofradia.ferrol@gmail.com.
Páxina web: www.cofradiaferrol.org.

**DIVULGACIÓN DO "PROXECTO COLECTIVO QUE CONTRIBÚA Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, PERÍODO 01/07/2020-30/062021"**

**ENTIDADE BENEFICIARIA**: **CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL**

A Confraría de Pescadores de Ferrol solicitou unha axuda para un proxecto colectivo, en réxime de concorrencia competitiva, que contribúan á protección e recuperación de biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental. Este proxecto está financiado polo Fondo Europeo Marítimo de Pesca (FEMP).

A **CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL** presenta o proxecto e, en agosto de 2020 recíbese a resolución de concesión da axuda, resultando beneficiari@s directos da mesma os 218 soci@s da Confraría.

Na convocatoria das axudas establécese entre as obrigas das entidades beneficiarias a de dar a adecuada publicidade ao carácter público da financiación, polo que entre as accións para publicitar dita axuda figura a organización dunha xornada informativa co fin de divulgar o proxecto.

A actual situación sanitaria impide a celebración de ditas xornadas informativas-divulgativas ao estar limitado o número de persoas que se poden reunir en interiores, motivo polo que procedemos á divulgación do proxecto a través do envío masivo de e-mails coa información relativa ao **"PROXECTO COLECTIVO QUE CONTRIBÚA Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS**

**CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL**
Edificio Lonxa – PeiraoCuruxeiras s/n – 15401 – Ferrol – A Coruña
CIF: G15035116
Tfnos: 981352625 / 625167031 – Fax: 981352362
Correo-E: cofradia@cofradiaferrol.org. cofradia.ferrol@gmail.com.
Página web: www.cofradiaferrol.org.

**RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, PERÍODO 01/07/2020-30/062021".**

Xúntase o resumo das accións realizadas ao abeiro do proxecto. Este documento exponse na páxina web: https://www.cofradiaferrol.org e nos taboleiros de anuncios da Confraría.

**CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL**
Edificio Lonxa – PeiraoCuruxeiras s/n – 15401 – Ferrol – A Coruña
CIF: G15035116
Tfnos: 981352625 / 625167031 – Fax: 981352362
Correo-E: cofradia@cofradiaferrol.org. cofradia.ferrol@gmail.com.
Página web: www.cofradiaferrol.org.

**"PROXECTO COLECTIVO QUE CONTRIBÚA Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL, PERÍODO 01/07/2020-30/062021"**

**PERÍODO DE VIXENCIA DO PROXECTO:** dende o 1 de xullo de 2020 ao 30 de xuño de 2021.

**Proxecto cofinanciado nun 75% con fondos FEMP e nun 25% pola Comunidade Autónoma.**

**O proxecto presentado ao abeiro da orde do 23 de abril de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2020 axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.**

O proxecto céntrase na necesidade de avaliar o estado dos recursos mariños nos diferentes bancos explotados polos socios/as da confraría de Ferrol, así como coñecer o estado de conservación e da biodiversidade no LIC Costa Ártabra, paraxe da rede NATURA 2000.

Cun ámbito territorial que conta cunha gran diversidade de recursos mariños susceptibles de explotación e comercialización, o seguimento dos bancos marisqueiros a flote e dos recursos existentes neles esixe un importante esforzo. Ademais do marisqueo a flote, a confraría de Ferrol ten plans de xestión de marisqueo a pé, zamburiña con rastro remolcado, percebe, ourizo e anémone. Non só é o marisqueo e os recursos específicos, tamén a pesca ten importancia. As

principais artes e especies son: trasmallos e miños: choco, centola, linguado, salmonete; nasa de polbo; nasa de choco; e nasa voitiron: anguía e choco.

A finalidade última é a elaboración de plans de xestión encamiñados a unha explotación responsable e sostible dos recursos mariños en base ao coñecemento do estado dos hábitats e especies litorais. A percura dunha explotación sostible dos recursos mariños ten como consecuencia unha mellora das condicións de traballo dos pescadores/as e mariscadores/as, garantindo a permanencia no tempo do seu xeito de vida, xerando riqueza e contribuíndo ao tecido socio-económico.

As actividades realizadas ao abeiro do proxecto son:

**Xestión e Seguimento dos Recursos Mariños Vivos nas Zona de Produción.**

- Obtención da CPUE diaria de cada especie, a partir dos datos diarios do número de mariscadores e da captura total de cada especie-recurso para ter unha estimación indirecta do estado dos bancos.

  As especies para as que se obtén a CPUE son: A. babosa, A. fina, A. xaponesa, A. rubia, Berberecho, Carneiro, Ostra, Percebe, Zamburiña, Ourizo e Anemone.

- Distribución, abundancia, cálculo de stock comercial e distribución de tallas das especies explotadas.

  Mostraxes poboacionais. Plans de marisqueo a flote e marisqueo a pé en autorizacións. Tratamento das mostras recollidas para a elaboración de informes seguindo o modelo Arousa, obtendo unha estimación da densidade e da biomasa comercial para as zonas de libre marisqueo. As especies avaliadas nestas mostraxes son: A. babosa, A. fina, A. xaponesa, A. rubia, Berberecho, Carneiro, Ostra e Reló.

- Controis de Talla

  Realizáronse diversos controis de talla das principáis especies en lonxa para coñecer a talla media das capturas e a porcentaxe de non comerciais.

  - Plans de Marisqueo: Ameixa babosa, Carneiro, Ameixa rubia, Ameixa xaponesa, Berberecho, Ameixa Fina

  - Plan de Zamburiña

  - Ourizo

- Elaboración dos plans de explotación para os distintos recursos e modalidades.

  Para o período de vixencia do presente proxecto presentáronse plans de explotación para o periodo 2021-2023: Marisqueo a pé en autorizacións, Marisqueo a flote en zonas de libre marisqueo, Marisqueo a flote en Autorización das Pías, Zamburiña con rastro remolcado.

- Solicitude e seguimento dos peches e aperturas mensuáis das distintas pesquerías.

  Cada mes fanse as solicitudes de apertura mensuáis para os distintos plans de xestión, tanto de recursos xeráis como de recursos específicos.

**Distribución e Frecuencia de Especies Alóctonas.**

- Cartografado das zonas con presenza de *Crepidula fornicata*.

**Avaliación do Estado de Conservación e da Biodiversidade nas Paraxes da Rede Natura 2000 e Hábitats Costeiros de Especial Interese**

- Seguimento das especies explotadas en bancos marisqueiros situados dentro do LIC Costa Ártabra.

  Dos 49 puntos de mostraxe de marisqueo a flote nas zonas de libre marisqueo que realiza a Confraría de Ferrol, 35 están dentro do LIC Costa Ártabra.

- Descritores/Indicadores a nivel de Hábitat e de Ecosistemas.
- Presenza de especies e hábitats recollidos na Directiva Hábitats como as pradeiras de *Zostera marina* e os fondos de Maërl.

**Recollida e Envío de Mostras ao INTECMAR para Coñecer o Estado Sanitario das Augas e Especies Marisqueiras.**

- Contribuír á vixilancia epidemiolóxica para coñecer o estado sanitario das augas e dos recursos marisqueiros.

- Mostras Microbiolóxicas para a clasificación das zonas de produción.
- Mostras de Vieira para a análise de biotoxinas, previas a apertura deste recurso.
- Mostras para o control da contaminación química (Metáis pesados, Hidrocarburos, ,...)

**Formación Permanente dos Socios/as en Materia de Xestión e Conservación dos Recursos Mariños.**

- Promover boas practicas profesionáis na explotación dos recursos, e unha maior sensibilización ambiental, especialmente no tocante ao vertido de residuos ao mar.

**CONFRARÍA DE PESCADORES E MARISCADORES DE FERROL**
Edificio Lonxa – PeiraoCuruxeiras s/n – 15401 – Ferrol – A Coruña
CIF: G15035116
Tfnos: 981352625 / 625167031 – Fax: 981352362
Correo-E: cofradia@cofradiaferrol.org. cofradia.ferrol@gmail.com.
Páxina web: www.cofradiaferrol.org.

**Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies** que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca. O servizo de vixilancia encárgase de comprobar a documentación das embarcacións e PERMEX d@s mariscador@s que acceden ás distintas zonas de traballo. Asemade, os dous vixilantes da Confraría controlan que se cumpran as condición establecidas nos plans de Xestión e nas leis que afectan á pesca e ao marisqueo.

**IMPORTE TOTAL DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 51.840,00 €**

**APORTACIÓN DO FEMP: 38.880,00 €**

**APORTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA: 12.960,00 €**